



CONVOCATORIA

De orde do Sr. Presidente convócase a vostede á sesión ordinaria a celebrar pola Xunta de Goberno da Excma. Corporación Provincial, en primeira convocatoria ás once horas do día **CATORCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO**, para tratar sobre os asuntos incluídos na Orde do Día, previamente aprobada pola Presidencia.

De non celebrarse na data e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria o luns seguinte, excepto que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrarse á mesma hora do primeiro día seguinte hábil.

A partir da convocatoria os expedientes encóntranse a disposición dos Sres. Deputados na Secretaría da Deputación.

Lugo, 12 de setembro de 2018

O SECRETARIO,

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de setembro de dous mil dezaeito.
2. Proposta relativa á prórroga dos Lotes I (Rede Museística) e Lote II (Pazo dos Deportes) da contratación do servizo de “Vixilancia na Rede Museística e no Pazo dos Deportes e subministro, instalación e mantemento de videovixilancia, detección de intrusión e protección de obras de arte en dependencias, edificios e recintos da Deputación Provincial de Lugo” en cumprimento da Resolución 335/2017 do Tribunal Central de Recursos Contractuais.

3. Proposta relativa á prórroga dos Lotes I (Palacio Provincial) e Lote IV (Fogar de Santa María) da contratación do servizo de vixilancia e seguridade nas distintas dependencias da Deputación Provincial de Lugo.
4. Aprobación, se procede, do procedemento de adxudicación e do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de videovixilancia, control de accesos e detección de intrusión da Deputación Provincial de Lugo.
5. Aprobación, se procede, de convenios e modificacións de convenios de colaboración con distintas Entidades e Concellos.
6. Proposta de aprobación, se procede, de gasto referente a servizos e/ou subministracións de material non inventariable.
7. Aprobación, se procede, da concesión, a instancias da Deputación Provincial de Lugo, de premios económicos a Club Voleibol EMEVE, Porta XI, Ensino CB, CB Breogán SAD e Cristian Isaac Toro Carballo, con motivo dos seus éxitos deportivos e respectivos ascensos ás máximas categorías estatais.
8. Proposta de corrección de erro material no texto de tipo de acción na listaxe da proposta de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro da provincia de Lugo, para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2017, aprobada por acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 29 de decembro de 2017.
9. Proposta de aprobación, se procede, de renuncia de subvención de concorrencia competitiva, para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2017.
10. Proposta de aprobación, se procede, de renuncias de subvencións destinadas a actividades deportivas.
11. Proposta de xubilación forzosa por idade dunha traballadora do cadro de persoal laboral.
12. Comunicacóns da Presidencia.



DEPUTACIÓN DE LUGO

13. Rogos e Preguntas regulamentariamente formulados.